

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS (AGADIC) E A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL ICEX ESPAÑA EXPORTACIONES E INVERSIONES, M.P. PARA A ORGANIZACIÓN DO EVENTO INTERNACIONAL “CONECTA FICTION”.

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)*, **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* formalizou coa **Entidade Pública Empresarial ICEX España Exportaciones e Inversiones, M.P.** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue **dende a data de sinatura do convenio ata a finalización do proxecto programado, o cal non excederá, en ningún caso, a data de 31 decembro de 2017.**

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é establecer a colaboración entre a Agadic e ICEX España Exportaciones e Inversiones, E.P.E., M.P. para a organización do encontro Conecta Fiction, que terá lugar na Cidade da Cultura, Santiago de Compostela, do 20 ao 23 de xuño de 2017.

O convenio fixa as pautas e mecanismo de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic ten planificado a celebración dun evento centrado na financiación, coprodución e comercialización de contidos audiovisuais de ficción televisiva, denominado CONECTA FICTION. É o primeiro encontro internacional de creación, financiación e coprodución de contidos de ficción entre América Latina, Estados Unidos e Europa. Con este evento preténdese xeral un espazo de encontro internacional destinado á creación






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.es
agadic@

de oportunidades de negocio entre a industria audiovisual española, europea e latinoamericana, xa que o obxectivo de Conecta Fiction é favorecer a asociación internacional entre as empresas de Europa e de América Latina para o desenvolver e coproducir contido de ficción.

Agadic e ICEX España Exportaciones e Inversiones, E.P.E., M.P., dada a relevancia que reviste este evento, na súa dobre dimensión de “feira de negocios” e “encontro internacional”, consideran necesario articular a participación estranxeira no evento por constituír unha excelente oportunidade para mostrar a creación audiovisual do noso país, así como para promocionar a imaxe de España, e promover a coprodución entre entidades dos países participantes.

A colaboración con ICEX España Exportaciones e Inversiones, E.P.E., M.P., servirá para fomentar a asistencia a Conecta Fiction de importantes representantes da industria audiovisual latina de Estados Unidos, así como para a difusión do evento impulsando a campaña de promoción do mesmo

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

galicia

